



INSTRUCCIÓN **PARA SOLICITAR CERTIFICADO DE DATOS SOCIEDADES/CLUBES** NO REXISTRO DE ENTIDADES DEPORTIVAS E NA FEDERACIÓN GALEGA DE CAZA (FGC)

O art. 14.2 da *Ley 39/15 de Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas*, en vigor dende o 2/10/2016, establece que **as comunicacións das persoas xurídicas, neste caso sociedades ou clubs de caza, deben realizarse telemáticamente a través da Sede Electrónica da Xunta de Galicia.**

A FGC para facilitar este labor ás entidades deportivas pon á súa disposición un Servizo de tramitación telemática, así como os diferentes documentos e impresos que deben remitir as sociedades e clubs para solicitar Certificacións das inscrición feitas no Rexistro de Entidades Deportivas e na Federación Galega de Caza **xa que e o único medio de acreditar de xeito fidedigno o contido dos asentos do rexistro. (Artigo 11. Punto 3 do DECRETO 85/2014, do 3 de xullo, polo que se aproba o Regulamento do Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia.)**

Dos impresos e documentos que se citan a continuación (Impreso de representación e taxa) as sociedades e clubs deberán remitir 1 copia debidamente cumprimentada e firmada en orixinal á Federación de Caza, coidando que o nome da sociedade ou club figure exactamente igual a como consta no rexistro de Entidades Deportivas da Xunta de Galicia.

Para cumprimentar os impresos e documentos deberán seguirse atentamente as seguintes pautas:

1. **IMPRESO DE REPRESENTACIÓN.** Cumprimentar o *Documento 1. Impreso de Representación* (Código de procedemento **PR946A**), polo que se autoriza a FGC para realizar os correspondentes trámites ante o Rexistro de Entidades Deportivas e ante a Secretaría Xeral para o Deporte para obter o certificado de composición de membros da xunta directiva, nº de rexistro da sociedade ou club, etc.. **debendo cumprimentarse únicamente os datos do outorgante**, indicando no apartado **“Nome”** o nome da Sociedade ou Club e o seu número de NIF (cif); e no apartado de **“E, na súa representación”** o nome e apelidos e nº de DNI do presidente da entidade.

Este documento deberá asinalo o presidente da entidade no apartado “sinatura da persoa outorgante”.

2. **TAXA:** Xunto coa solicitude deberá remitirse o *Exemplar para a Administración* da Taxa de Autoliquidación da Comunidade Autónoma, que deberá facerse efectiva en ABanca, onde tamén facilitarán o correspondente impreso a cumprimentar (consultar códigos na FGC).
O importe da taxa (Lei 6/2003, de 9 de decembro) está establecido nas Taxas da Comunidade Autónoma.

Tamén pode facerse efectiva na FGC e esta encargárase de realizar o correspondente ingreso ante Consellería de Facenda.

Igualmente se poderá facer o pago telemático premendo no enlace: [Pago de taxas e prezos \(atriga.gal\)](http://Pago de taxas e prezos (atriga.gal))